

POLICE

Maurice Pialat, 1985

1577

ESTREA EN NUMAX: 15.08.2025 | V.O.S.E. | +16 | 109 min

O inspector Maugin vai á caza de traficantes de droga de pouca monta. Nunha redada policial, coñece a Noria, a noiva dun camelo, e namora dela. Noria convértese na súa amante e agora está en perigo de morte.

«Un exemplo de virtuosismo discreto: os ritmos narrativos son perfectos, os encadres xustos e a concepción sonora maxistral»

Roger Koza, CON LOS OJOS ABIERTOS



Un exemplo de virtuosismo discreto

Por Roger Koza

Soa imposible: un filme policial cun protagonista que encarna a lei na súa dimensión represora non parece sintonizar con ningunha demanda de natureza filosófica. Pero en *Police*, do gran Maurice Pialat, película cuxa fluidez narrativa é case musical e que toma unha idea dun guión escrito por Catherine Breillat, máis aló da súa trama ligada ao tráfico de drogas e proxenetas tunisianos que operan en Marsella e París, presupón e demostra unha existencia errada onde a sociedade só reconece a adoración e acumulación do diñeiro e a posibilidade de amar a outro está interrompida pola preferencia individual de querer conservarse e non ser magoado.

Un traballo formidable de Gerard Depardieu; aquí encarna un policía feroz sempre moi disposto a cumprir co seu deber, aínda que Pialat se encargará de suxerir que a súa eficiencia é máis unha tara que unha convicción. Este viúvo e pai de dous fillos namorará dunha moza (Sophie Marceau) que está ligada con toda unha familia de árabes dedicados a vender heroína e que vén sendo investigada hai algún tempo. Despois dunha primeira parte de detencións, interrogatorios e algunhas malleiras, o suficiente para denotar a minúscula impunidade dos uniformados, a película deixa a comisaría e perfílase como un romance aloucado e seco. No final, a ilegalidade e a paixón estarán o suficientemente entrelazadas no devir do relato.

Police é un exemplo de virtuosismo discreto: os ritmos narrativos son perfectos, os encadres xustos (véxase o xogo coa profundidade de campo nunha escena erótica na comisaría ou o desenlace dunha escena onde Depardieu convida a unha prostituta interpretada por Sandrine Bonnaire) e a concepción sonora maxistral (o cotián soa sinfonicamente, e cando chega a pasaxe no que se escoita a Sinfonía N.º 3 de Henryck Górecki, o saber do mestre é incuestionable). Pialat é un director fascinante, capaz de atopar o momento ideal para que un personaxe defina o corazón do filme: “No fondo todo é horrible...”.

Publicado en conlosojosabiertos.com